



COMISIÓN CONCILIACIÓN FAMILIAR CONCILIA 2020

PRAZO DE SOLICITUDE ANO 2020:

Dende o día 25 de maio ata o 5 de xuño de 2020.

DOCENTES QUE PODEN SOLICITALA: funcionarios de carreira, funcionarios en prácticas e os interinos e substitutos.

FORMA DE SOLICITALA E PRESENTALA: vía electrónica (mediante a aplicación informática de CADP en <https://www.edu.xunta.es/cadp/> e Chave365).

ADXUDICACIÓN: ordeada por colectivos:

- 1º. Funcionarios de carreira
- 2º. Funcionarios en prácticas no curso seguinte
- 3º. Funcionarios interinos

DOBRE PETICIÓN: Os colectivos que soliciten a concilia e estean obrigados a participar no CADP, deberán facer dúas solicitudes: de concilia e CADP.

REQUISITOS DE IDADE DOS FILLOS :

- **TIPO 1:** 1 fillo menor de 4 anos ou de 8 en familias cun único proxenitor.
- **TIPO 2:** 2 fillos menores de 6 anos ou de 10 en familias cun único proxenitor, ou 1 fillo menor de 6 anos cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- **TIPO 3:** 3 ou máis fillos menores de 12 anos ou de 16 en familias cun único proxenitor, ou 2 fillos menores de 12 anos se 1 deles ten un grao igual ou superior ao 33%.





A idade dos fillos computarase ao 31 de decembro do ano INMEDIATAMENTE ANTERIOR ao da solicitude.

Poderase pedir comisión nos casos de **embarazo** a termo con anterioridade ao mes de marzo do ano seguinte.

OUTROS REQUISITOS:

- **Participar no concurso de traslados e solicitar a/as localidade/s en que se solicita comisión de servizos.**
- No caso de profesorado con destino definitivo, **ter o centro de destino a 60 km ou máis da residencia.** Isto **non será de aplicación si se prestan servizos nun centro con xornada partida ou se se teñen fillos ou fillas con discapacidade.**
- **Só un dos cónxuxes poderá solicitar comisión, agás no caso de custodias compartidas por sentenza xudicial** (ambos proxenitores poderán solicitar a comisión).
- Hai que solicitar en primeiro lugar o centro/s da localidade/s que se atopen nun **radio de 20 km da residencia.**
- Centros de petición VOLUNTARIA:
 - Non é obrigatorio solicitar no radio dos 20 km os centros penitenciarios, os centros de educación permanente de adultos, os centros ordinarios en que se imparten ensinanzas de adultos e aqueloutros centros en que se imparten ensinanzas en réxime de xornada partida, que serán de solicitude voluntaria.
 - Poden solicitarse prazas noutros centros e localidades, sendo preceptivo priorizar os situados nun radio de 20 km da localidade de residencia.

LEXISLACIÓN: *ORDE do 15 de abril de 2019 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte docencia en centros dependentes desta consellería, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral (código de procedemento ED010A).*

ESTAMOS A TÚA DISPOSICIÓN EN:

A CORUNA ense15@csif.es Rúa Bugallal Marchesi nº 5 Entrechán Derch 15008 981 134113 / Fax: 981060324	SANTIAGO ense77@csif.es Rúa do Valiño nº 65 Baixo 15707 981 560951 / Fax: 981575140	LUGO ense27@csif.es Rúa Conde nº 2 Baixo Posterior 27003 982 250169 / Fax: 982 245521	OURENSE ense32@csif.es Rúa Progreso nº 145 Entrechán 32003 988 241111 / Fax: 988 213538	PONTEVEDRA ensino36@csif.es Rúa Marqués de Riestra nº 18 Entrechán 36001 986 896900 / Fax: 986 896901
---	--	--	--	--

